

A coeducación supón un esforzo conxunto da sociedade. A familia, a escola, os medios de comunicación, os mestres, etc.


Algúns consellos que axudan a fomentar unha educación igualitaria de nenos e nenas, e evitar transmitir estereotipos de xénero son:

- Permitir aos nenos e nenas que se expresen e se desenvolvan segundo a súa identidade e non seguindo estereotipos tradicionais.
- Debemos impartir unha educación igualitaria que recoñeza a riqueza da diversidade.
- Transmitir valores igualitarios e non sexistas.



[Bloques imprimibles \(ohmanualidades.com\)](http://ohmanualidades.com)

Coas miñas mans podó...



El príncipe Ceniciento.

<https://www.bing.com/videos/search?q=el+principe+ceniciento+resumen&docid=608027056987526806&mid=990CED943E2EE3FE7EC6990CED943E2EE3FE7EC6&view=detail&FORM=VIRE>

Nin un biquiño á forza.

[NIN UN BIQUIÑO Á FORZA \\_JAMMIN - YouTube](#)

Proponse cambiar os contos tradicionais con algunhas opcións como por exemplo:

- Contar calquera conto cambiando o xénero dos personaxes. Despois pódese conversar sobre os estereotipos.
- Xogar ao “Que pasaría?” Imaxinemos o conto de Brancaneves, pois podemos formular preguntas do tipo: que pasaría se en vez de quedar na casa fose cos ananos traballar?
- Inventar heroínas. Convidar ao alumnado a inventar contos, ben sexa de xeito colectivo ou individual, nos que as protagonistas sexan heroínas valentes, intelixentes, traballadoras, independentes...

## Listado de contos para traballar a igualdade e a coeducación.

¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa? Raquel Díaz Reguera

Carlota estaba cansa da cor rosa e de ser unha princesa. Carlota non quería bicar sapos para ver se eran príncipes azuis. Carlota sempre se preguntaba por qué non había princesas que rescataran aos príncipes azuis das garras do lobo ou que cazaran dragóns ou volaran en globo.

Rosa Caramelo. Adela Turín

Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta d grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus proxenitores desisten de impoñerlle ese aspecto, por fin descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.

La mejor familia del mundo. Susana López.

É un álbum ilustrado que narra as expectativas de Carlota, que será adoptada por unha familia. No conto os roles típicos masculino e feminino non aparecen, podemos ver nas ilustracións á nai e ao pai compartindo traballos de piratas, pasteleiros, domadores de tigres...

La peluca de luca. Helena Berenguer Iborra.

Luca, con 4 anos enfrentouse a superheroes e princesas para defender a súa perruca azul. Quen decide o que é feminino e masculino? Luca atreveuse a cuestionar as normas que outros construíron para el e enfrentouse ao mundo.

Violeta & co. Cambian del mundo. Raquel Díaz Reguera.

Violeta e os seus amigos disfrutaban moito coas ás que lle preparou o señor Siquierespuedes. Pero a banda de Don Noloconseguirás está de novo ao acecho. A aparición do malvado don MM que esparce molestas motas de micromachismo por todos lados será esta vez o gran inimigo. Por sorte, Violeta e os seus amigos terán habilidade para detectar os seus sutiles ataques e serán eles os que poidan cambiar o mundo facendo pequenas cousas.

Pepota y Pepino. Raquel Díez Real

É hora de xogar ás cociñas! Pepino saca a súa teteira e as tazas. E Pepota? Ell prefire colgarse das pólas... Un álbum ilustrado que impulsa o valor da coeducación. Os seus textos rítmicos, entre divertidas ilustracións, promoven actitudes e modelos de comportamento libres de estereotipos de xénero.

Mamá Robot.

Resulta tremendamente práctico ter na casa unha mamá robot que se encargue de facelo todo... Pero, e se un día decidira poñerse en folga? Unha divertida historia que nos fai reflexionar sobre a igualdade de xénero, que debería empezar na casa.

¿A manchas o a rayas?. Estefanía Padullés Estévez.

Había unha vez unha selva na que todos os seus habitantes tiñan a pel a manchas. As súas vidas eran moi felices, excepto por unha cosa: tiñan moito medo aos animais a raias que vivían na selva do outro lado do río. Pero un día, Leopardo sae a explorar... Un conto para aprender a respectar as diferenzas.

La historia de los bonobos con gafas. Adela Turín

Eles comían, viaxaban e modernizábanse mentres que elas recolectaban comida e criaban á prole. Pero os bonobos non aceptaban que as bonobas tamén puidesen aprender e evolucionar. O legado das autoras e ilustradoras pioneiras na creación de álbumes sobre igualdade e coeducación, aínda vixente

Arturo y Clementina. Adela Turín.

Unha historia fabulada que reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e denuncia a discriminación.

# CANCIÓNS

En cada unha das canción é importante facer unha análise dos diferentes roles asignados a un ou outro xénero, e averiguar cómo o viven os nenos no seu proceso de socialización.

Presentación da actividade co obxectivo.

Explicación do argumento da canción.

Representación con debuxos, títeres, dramatizacións...

Visionado do vídeo da canción

Interpretación da canción



Título	Cantante	Temática	Curso
Al coche de mi jefe	Grupo Encanto	Estereotipos sexistas	EI
Los cochinitos	Grupo Encanto	Estereotipos sexistas	EI
Al pasar la barca	Fofito	Estereotipos sexistas	EI
Arroz con leche	Las gatitas	Estereotipos sexistas	EI
Sobre el puente de Avignon	Las gatitas	Estereotipos sexistas	EI
Los días de la semana	Miliki	Estereotipos sexistas	EI
Los oficios	Teresa Rabal	Estereotipos sexistas	EI
No dudaría	Antonio Flores	Violencia de xénero	EP
Ni la hora	Ana Guerra y Juan Magán	Valoración de las mujeres	3º-4º-5º-6º EP
Déjala que baile	Melendi	Valoración de las mujeres	3º-4º-5º-6º EP

<b>Título</b>	<b>Cantante</b>	<b>Temática</b>	<b>Curso</b>
Abre tu mente	Merche	Violencia de género	5º - 6º EP
Manos al aire	Nelly Furtado	Violencia de género	5º - 6º EP
Yo no soy esa mujer	Paulina Rubio	Violencia de género	5º - 6º EP
Niña	Pedro Guerra	Violencia de género	5º - 6º EP
Pégale a la pared	Reyli Barba	Valoración de las mujeres	5º - 6º EP
Hoy por mí	Efecto Mariposa	Violencia de xénero	5º-6º EP
Mirando por ti	El arretrato	Violencia de xénero	5º-6º EP
Mujer florero	Ella baila sola	Estereotipos sexistas	5º-6º EP

# ROLE PLAY

Poden crearse diferentes rincóns ou actividades para tratar a ambos xéneros dende a perspectiva da igualdade como:

Rincón dos disfraces (roupas e accesorios)

Rincón dos xogos (Bonecas, coches, balóns...)

Rincón das tarefas domésticas (ir ao mercado, cociñar, limpar...)

Rincón do coidado (bebés, avós...)

Rincón dos deportes (fútbol, ballet...)

E calquera outro que se vos poida ocorrer.

O obxectivo é que cheguen a comprender que non hai xogos de nenos ou nenas, tarefas de nais ou pais predeterminados, senon que todo é para todos.

# MURAL

Elaborar un mural en gran grupo, pequenos grupos, parellas ou individualmente, no que despois de buscar imaxes en revistas, xornais, aparezan hábitos de relación positivos (atención, axuda, afecto, respecto...) e mesmo negativos (enfadarse, golpear...) para debatir sobre cada unha das imaxes e clasificalas.